



PROPOSTAS DE INFANCIA PARA AS
ELECCIÓNS AUTONÓMICAS - 2020

A INFANCIA: UNHA PRIORIDADE PARA A AXENDA POLÍTICA



ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	3
2. QUEN SOMOS	3
3. A INFANCIA: UNHA PRIORIDADE PARA A AXENDA POLÍTICA.....	4
4. PROPOSTAS DE POLÍTICA AUTONÓMICA	5
4.1. MECANISMOS INSTITUCIONAIS	5
• Lei de infancia de Galicia.....	5
• Comisión de Infancia no Parlamento Autonómico	5
• Incremento da inversión pública e da avaliación orzamentaria de Galicia	6
4.2. PROTECCIÓN	7
• Mellora nos servizos de protección das persoas menores de idade	7
4.3. SAÚDE.....	9
• Reforma do sistema de saúde para a infancia	9
• Equidade no acceso aos servizos para todos os nenos, nenas e adolescentes	9
4.4. LOITA CONTRA A POBREZA E A EXCLUSIÓN	10
• Apoio na loita contra a pobreza e exclusión ás familias con menos ingresos con nenos, nenas e adolescentes a cargo	10
4.5. EDUCACIÓN	12
• Apoio na educación infantil de 0 a 3 anos	12
• Erradicación da fenda dixital existente entre nenos, nenas e adolescentes	12
• Eliminación da desigualdade como medida para facer fronte ao abandono escolar..	13
• Mellora na calidade da educación.....	14
4.6. SISTEMA DE COIDADOS	15
• Avanzar cara un sistema que facilite os coidados.....	15
4.7. ATENCIÓN TEMPERÁ	16
• Accesibilidade á Atención Temperá	16
4.8. PARTICIPACIÓN INFANTIL.....	17
• Representación da infancia a través da súa participación	17
4.9. COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO	17
• Incremento da Axuda Oficial ao Desenvolvemento	17
ANEXO I: CADRO DAS 35 PROPOSTAS POLÍTICAS PARA A INFANCIA EN GALICIA	19



1 INTRODUCCIÓN

A infancia é o período da vida humana entre o nacemento e a adolescencia; enténdese por infancia o período de vida das persoas que abarca dende o nacemento ata os doce anos de idade, e por adolescencia o que abarca dende os doce anos ata a maioría de idade.

Os nenos e nenas requiren dunha atención especial durante os anos de infancia, e como tal, precisase comprenderse e respectarse. O recoñecemento público desta necesidade incrementou a obriga de programas para os pequenos, centrados maioritariamente na súa educación ata o establecemento da Convención dos Dereitos do Neno das Nación Unidas no ano 1989.

Esta convención enfatiza que os nenos e nenas teñen os mesmos dereitos que os adultos e subraia aqueles dereitos que se desprenden da súa especial condición de seres humanos, os cales por non alcanzar o pleno desenvolvemento físico e mental, requiren dunha protección especial. Deste modo, a sociedade incrementou o seu sentimento cara a necesidade de responsabilizarse e actuar a prol do benestar da infancia, favorecendo a participación nos procesos de participación dos nenos e nenas.

2 QUEN SOMOS

A Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia é una plataforma territorial enmarcada no marco xeral de acción da Plataforma da Infancia estatal nada no ano 1997, coa misión de auñar os esforzos das entidades que traballan no ámbito da infancia e de crear un espazo de coordinación que defenda, promova e protexa os dereitos dos nenos, nenas e adolescentes conforme á Convención sobre os Dereitos do Neno.

Así mesmo, a POIG centra os seus esforzos na mellora da situación dos máis pequenos, especialmente de aqueles que sofren a discriminación, o desamparo ou se atopan en risco de exclusión social.

É unha asociación conformada por 30 entidades da comunidade, sen prexuízo de realizar actuacións estatais e internacionais a favor do bo trato á infancia e adolescencia en Galicia, para protexer e promocionar os seus dereitos fundamentais. O seu interese é incrementar o benestar da infancia, denunciar e facer seguimento das situación que vulneren os dereitos das persoas menores de idade.

3 A INFANCIA: UNHA PRIORIDADE PARA A AXENDA POLÍTICA

Ante as próximas eleccións autonómicas, os partidos políticos non poden obviar á infancia nos seus compromisos. Por iso, a Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia presenta 35 propostas de política autonómica que todos os partidos políticos deberían considerar como un compromiso cos nenos, nenas e adolescentes, considerando que:

- ▶ A infancia, como un dos sectores que máis sufriu a crise sanitaria, require ser prioridade nas políticas autonómicas.
- ▶ É urxente abordar a situación da infancia, un colectivo especialmente vulnerable e que sufriu duramente os efectos da crise sanitaria con motivo da debilidade das políticas sociais, da austeridade e o desemprego das familias máis vulnerables con fillos a cargo, que ou ben tiveron que deixar a búsqueda activa de emprego ou agarrarse a un ERTE.
- ▶ A situación das familias e dos centros de protección á infancia, tiveron que facer fronte a novas situacións intentando que non se debilitase a protección dos nenos e nenas máis vulnerables.
- ▶ Débese integrar a perspectiva de equidade en todas as políticas, para que todas as nenas e nenos crezan nunha sociedade máis xusta e cohesionada que diminúa a brecha existente, agora con máis forza, na infancia que máis sufriu a crise.
- ▶ As políticas de infancia deben apostar pola prevención con medidas máis eficientes que reduzan os problemas que afronta a infancia, así como o fortalecemento das políticas de protección.
- ▶ As institucións deben comprometerse a escoitar as opinións dos nenos e nenas en todo aquilo que lles afecta, establecendo canles estables de participación infantil.
- ▶ Débense incrementar a inversión económica nas políticas destinadas á infancia e adolescencia, para a realización de accións que diminúan a brecha existente amosada pola falta de apoios educativos e recursos tecnolóxicos existentes, facendo fincapé nos nenos, nenas e adolescentes máis vulnerables.

4 PROPOSTAS DE POLÍTICA AUTONÓMICA

4.1 MECANISMOS INSTITUCIONAIS

Lei de Infancia de Galicia

No ano 1989 a Asemblea Xeral das Nacións Unidas aprobou a Convención sobre os Dereitos do Neno.

Ao ratificar a Convención, os gobernos indicaron a súa intención de converter en realidade este compromiso; e dicir, os Estados parte están obrigados a emendar e promulgar leis e políticas que poñan plenamente en práctica a Convención, e deben asegurar que todas as medidas se tomen en consonancia co interese superior do neno.

Neste contexto, o Comité sobre os Dereitos do Neno das Nacións Unidas (2018) [1], sinala nas súas observacións finais sobre o cumprimento dos Dereitos do Neno no estado, a necesidade dun incremento na promoción de políticas sectoriais nas Comunidades Autónomas, asegurando os recursos humanos, técnicos e financeiros precisos. Adicionalmente, fai fincapé na importancia da coordinación entre as diversas administracións para aplicar políticas destinadas á promoción e protección dos dereitos dos nenos, nenas e adolescentes.

Galicia, amósase como unha das poucas comunidades autónomas que non ten unha lei específica de infancia. Ampliar a lexislación existente implicaría a mellora do marco normativo sobre protección da infancia na comunidade a través dun consenso e participación de todos os sectores relacionados coa infancia.

A Plataforma de Organización de Infancia de Galicia propón:

- 1 Elaboración e aprobación dunha **Lei da Infancia** específica en Galicia para garantir todos os dereitos dos nenos, nenas e adolescentes da nosa comunidade.

Comisión de Infancia no Parlamento Autonómico

A visibilización dos dereitos dos nenos e das nenas no traballo lexislativo, a ampliación de consensos e a coordinación con outras iniciativas, é o inicio para que se aseguren os dereitos da infancia nas políticas públicas.

[1] Comité dos Dereitos do Neno das Nacións Unidas. Convención sobre os Dereitos do Neno. *Observacións finais sobre os informes periódicos quinto e sexto combinados de España*. (CRC/C/ESP/CO/5-6) (páxina 2); 5 de marzo de 2018.

No ano 2018 o Comité sobre os Dereitos do Neno [2] instou ao estado a intensificar os esforzos para asegurar que o interese superior dos nenos e nenas sexa unha consideración primordial, estea incorporado de maneira apropiada, e sexa interpretado e aplicado de maneira consistente en todas as decisións lexislativas, administrativas e xudiciais e en todas as políticas, programas e proxectos pertinentes que teñan un efecto nos nenos e nenas.

Por todo, existe unha necesidade dun espazo no Parlamento Galego que garanta a defensa dos dereitos da infancia e facilite a coordinación entre a administración, conformada por especialistas que velen polos dereitos dos nenos, nenas e adolescentes.

A Plataforma de Organización de Infancia de Galicia propón:

2 Promoción dunha Comisión de Infancia no Parlamento autonómico.

● Incremento da inversión pública e da avaliación orzamentaria pola infancia

En referencia á elaboración de orzamentos públicos para facer efectivos os dereitos dos nenos, nenas e adolescentes, o Comité dos Dereitos do Neno das Nacións Unidas instou no ano 2018 [3] ao Estado a adoptar medidas para promover, en todas as comunidades autónomas, unha avaliación integral das necesidades orzamentarias relacionadas coa infancia, con miras a redistribuír os recursos destinados e facer efectivos os Dereitos do Neno.

Neste sentido, o Goberno de Galicia deu un gran paso coa realización dun informe [4] sobre o impacto das dotacións orzamentarias na infancia. O informe é unha ferramenta clave para coñecer a intensidade das políticas públicas e que debe continuar realizándose, xa que permite determinar o seu grado de intensidade sobre os nenos, nenas e adolescentes.

A situación de confinamento vivida na pandemia puxo de relieve a vulnerabilidade da infancia e adolescencia. Amosou a desigualdade de moitos deles no acceso a recursos que permitan o cumprimento dos seus dereitos en igualdade de condicións, e manifestou a situación de exclusión na que viven moitas familias con fillos a cargo.

[2] Comité dos Dereitos do Neno das Nacións Unidas. *Observacións finais sobre os informes periódicos quinto e sexto combinados de España*. Convención sobre os Dereitos do Neno (CRC/C/ESP/CO/5-6) (páxina 5); 5 de marzo de 2018.

[3] Comité dos Dereitos do Neno das Nacións Unidas (páxina 2-3) (5 de marzo de 2018).

[4] Xunta de Galicia. *Informe dende a perspectiva da Infancia e Adolescencia* (2020).

Coa necesidade de camiñar de cara á igualdade, precísase incrementar a inversión económica nas políticas e accións destinadas á infancia e adolescencia, facendo fincapé nos nenos, nenas e adolescentes máis vulnerables.

Unha boa inversión e control do impacto no gasto sobre a infancia, ademais de favorecer un incremento sobre os fondos destinados ao benestar dos máis pequenos e pequenas, asegura unhas políticas máis eficaces e eficientes.

A Plataforma de Organización de Infancia de Galicia propón:

3 Incorporación do **análise en calquera proposta de nova normativa do impacto e gasto** sobre os nenos, nenas e adolescentes. Unha avaliación integral e transparente sobre o gasto destinado á infancia.

4 Incrementar a inversión destinada á infancia.

4.2 PROTECCIÓN

Mellora nos servizos de protección das persoas menores de idade

Segundo datos do *Ministerio de Sanidad, Consumo e Benestar Social* [5], en Galicia no ano 2018 foron atendidos no sistema de protección de menores 1.901 nenos e nenas. Adicionalmente, segundo datos do Ministerio de Interior (2018)[6], en Galicia se rexistraron 263 persoas menores de 18 anos vítimas de violencia familiar.

O Comité sobre os Dereitos do Neno (2018) [7] nas súas observacións, amósase seriamente preocupado pola insuficiencia de recursos, no elevado número de nenos e nenas atendidos en centros de acollida e no apoio insuficiente a eles e elas na súa transición da infancia a idade adulta.

Nesta transición vese como claves para que poidan dar o salto ao mundo unha vez cumpridos os 18 anos coa maior seguridade posible, a formación e a autonomía persoal, o que é posible a través da inserción laboral.

[5] Ministerio de Sanidad, Consumo e Benestar Social, *Estadística de protección a la infancia* (datos 2018). boletín nº 21.

[6] Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar Social - *Estadísticas Básicas de protección a la Infancia, Infancia en Datos, Infancia Vulnerable, Víctimas de Maltrato e Violencia* (2018) <http://www.infanciaendatos.es/datos/graficos.htm?area=Galicia>

[7] Comité dos Dereitos do Neno das Nacións Unidas (páxina 8) (5 de marzo de 2018).

Neste senso, a crise sanitaria afectou gravemente aos sectores laborais de acceso preferente polos adolescentes. Tamén freou as oportunidades formativas (formación profesional, cursos, prácticas en empresas, etc) que lles permiten adquirir coñecementos para a súa empregabilidade; segundo o Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector apenas un 20% chegan a cursar o bacharelato e só un 1% den estudos superiores (IGAXES)[8].

Esta crise tamén amosou unha carencia no acceso a recursos tecnolóxicos en nenos, nenas e adolescentes que están en risco e desprotección, o que supuxo que moitos se atopasen en desigualdade de oportunidades de cara a continuar o curso escolar.

Referente a calidade nos servizos de protección, seguindo a Directiva da Unión Europea 2014/24/UE e a Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público [9], recoñécese de forma expresa que os servizos de interese xeral deben quedar excluídos do ámbito da contratación.

Non se deben establecer prezos con beneficios mínimos, senón centrar as licitacións de servizos na calidade das prestacións.

A Plataforma de Organización de Infancia de Galicia propón:

- 5 **Fortalecer os programas de apoio e autonomía persoal** dos e das adolescentes e dos mozos e mozas **cando abandonen o sistema de protección e xustiza xuvenil aos 18 anos**, axudando a súa emancipación con itinerarios de formación e inserción laboral. Destinar incentivos fiscais a empresas que contraten a mozos e mozas en situación de vulnerabilidade social.
- 6 No caso de que o sistema de protección constate unha situación de desamparo, a medida de protección que se tome e o recurso que se decida para levalo a cabo debe **respectar sempre o interese superior do menor, independentemente dos recursos dispoñibles no sistema**.
- 7 Apoiar a **revisión dos sistemas de prevención, protección e protocolos de actuación con vistas a protexer e a previr a violencia** contra os nenos, nenas e adolescentes.
- 8 **Garantir a calidade dos servizos de protección** elixindo fórmulas de prestación dos mesmos que non se baseen en principios económicos.

[8] Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector (IGAXES), “Do confinamiento á exclusión: os efectos da crise sanitaria deixan aínda máis desprotexidas ás nenas, nenos e xoves que xa estaban en situación vulnerable en Galicia”. Maio, 2020. Visto en: <https://www.igaxes.org/es/noticias/informe-covid19-la-infancia-y-la-juventud-en-riesgo-aun-mas-indefensas/>

[9] Seguindo Lei 9/2017 de *Contratos do Sector Público*, no artigo 11.6 expónse que queda excluída da lei a prestación de servizos sociais por entidades privadas, sempre que se realice sen necesidade de celebrar contratos públicos, a través da súa financiación ou a concesión de licencias polo poder adxudicador e que o sistema garantice unha publicidade suficiente e se axuste aos principios de transparencia e non discriminación.

4.3 SAÚDE

Reforma do sistema de saúde para a infancia

O Comité dos Dereitos do Neno (2018)[10] propón asegurar a dispoñibilidade de persoal cualificado e a redución dos tempos de resposta no acceso aos servizos de saúde mental, aumentando a dispoñibilidade de servizo.

Referente á saúde psicolóxica da infancia e adolescencia durante a pandemia, a distancia co grupo de iguais e profesores (figuras de referencia), a imposibilidade de xogos no exterior, a incompreensión do que pasa, o medo, a perda do traballo dos pais/nais no fogar e o afastamento dos avós, sumado a situación que viven algún dos sectores da infancia máis vulnerable ao residir en infravivendas ou en fogares autoritarios ou violentos, xerou á infancia e adolescencia síntomas de ansiedade e frustración, os cales non saben xestionar por non ter aínda as ferramentas emocionais necesarias para iso.

Neste contexto, prevese un incremento dos problemas de saúde emocionais ou mentais da infancia, con especial fincapé na infancia máis vulnerable.

A Plataforma de Organización de Infancia de Galicia propón:

9 **Reforma do sistema de saúde infantil e xuvenil**, especialmente no que se refire a maior prestación de especialistas en pediatría, e recoñecemento e desenvolvemento da especialidade de psiquiatría infantil e xuvenil, garantindo a dotación de recursos específicos para infancia e mocidade con enfermidades mentais.

10 Realización dun **informe diagnóstico da situación psicolóxica post COVID-19** para identificar e potenciar a atención psicolóxica necesaria na infancia e adolescencia.

Equidade no acceso aos servizos para todos os nenos, nenas e adolescentes

Existe unha gran preocupación sobre a persistencia da discriminación que sofren determinados colectivos de nenos, nenas e adolescentes o que os leva á exclusión.

Neste senso o Comité sobre os Dereitos do Neno (2018)[11] manifesta nas súas recomendacións a súa preocupación sobre o dereito ao desfrute dos nenos e nenas á saúde, mostrándose seriamente preocupado pola estigmatización e discriminación que sofren as persoas menores de idade migrantes na súa chegada ao país, e instando a reforzar as medidas para previr e combater esta discriminación en todos os ámbitos da sociedade.

[10] Comité dos Dereitos do Neno das Nacións Unidas. Convención sobre os Dereitos do Neno. *Observacións finais sobre os informes periódicos quinto e sexto combinados de España*. (CRC/C/ESP/CO/5-6), 5 de marzo de 2018.

[11] Comité sobre os Dereitos do Neno (2018), Páxina 4.

Sendo o acceso a sanidade un dos factores máis importantes e relevantes aos que teñen que facer fronte, obsérvase como punto crucial a necesidade de facilitar a accesibilidade a unha sanidade gratuíta para todos e todas en todos os ámbitos, sen discriminación de ser nena ou neno migrante.

A Plataforma de Organización de Infancia de Galicia propón:

11 Garantir o acceso a sanidade dos nenos, nenas e adolescentes independentemente da súa situación administrativa.

4.4 LOITA CONTRA A POBREZA E EXCLUSIÓN

Apoio na loita contra a pobreza e exclusión ás familias con menos ingresos con nenos, nenas e adolescentes a cargo

A poboación menor de 18 anos segue sendo un sector vulnerable en claro risco de pobreza e exclusión social. A pesar de que Galicia mantén unha das taxas inferiores do Estado, o porcentaxe do 20% [12] segue a ser moi elevado. Adicionalmente o 18% [13] de poboación menor de 18 anos na comunidade autónoma móstrase en risco de pobreza relativa [14], con especial consideración aos colectivos máis vulnerables tales como nenos, nenas e adolescentes de etnia xitana, migrantes ou menores de idade que sofren algún tipo de discapacidade.

Referente ao emprego das familias con fillos a cargo, Galicia posúe unha taxa do 5,10% de nenos, nenas e adolescentes que viven en fogares con moi baixa intensidade de traballo. Esta cifra viuse acrecentada coa actual crise sanitaria.

Por mor desta crise, moitas familias, xa de por si en risco de exclusión e con fillos a cargo, viron reducidos os seus ingresos ou a súa capacidade económica para dar cobertura ás necesidades máis esenciais. Segundo o Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector (IGAXES) [15], o 75% de nais e pais tiñan traballo antes do estado de alarma.

[12] INE – Enquisa Condicións de Vida; EUROSTAT - EU-SILC. Seguindo o indicador AROPE. Visto en: Infancia en Datos. Ministerio de Derechos Sociales. Datos: 2018, www.infanciaendatos.es/datos/graficos.htm?area=galicia

[13] Idem.

[14] Pobreza relativa fai referencia a vivir en fogares cunha renda por debaixo do 60% da media nacional.

[15] Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector (IGAXES), *Do confinamiento á exclusión: os efectos da crise sanitaria deixan aínda máis desprotexidas ás nenas, nenos e xoves que xa estaban en situación vulnerable en Galicia*.

. Maio, 2020. Visto en: <https://www.igaxes.org/es/noticias/informe-covid19-la-infancia-y-la-juventud-en-riesgo-aun-mas-indefensas/>

Un mes máis tarde, soamente o 43% segue traballando e o 18% están afectados por un ERTE. Isto significa que 6 de cada 10 fogares en situación ou risco de pobreza onde viven menores de 18 anos en Galicia viron agravada a súa situación, xa de por si precaria.

Sendo o emprego un dos elementos imprescindibles para que os pais e nais teñan os recursos necesarios para garantir a cobertura das necesidades básicas dos seus fillos e fillas (alimentación, vivenda, educación, etc.), a priorización dun pai e dunha nai nas políticas activas de emprego permitirían evitar a desprotección dos seus fillos e fillas.

A Plataforma de Organización de Infancia de Galicia propón:

- 12** Blindar o orzamento da Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA) asegurando a súa compatibilidade e subsidiariedade co Ingreso Mínimo Vital.
- 13** Posta en marcha do **Plan de Choque contra a pobreza en familias monoparentais**.
- 14** Mellorar as condicións e ampliar ate os 18 anos a prestación económica de pagamento único por fillas e fillos en unidades familiares en situación de pobreza.
- 15** Ampliar a Tarxeta Benvida ata os 7 anos para as familias con renda igual ou inferior a 22.000 euros e considerando con carácter especial ás familias monoparentais e numerosas.
- 16** Impulsar políticas específicas de vivenda con familias con fillos a cargo, aumentando o acceso a vivendas públicas de baixo custe ou aluguer social.
- 17** Dedución do imposto sobre a renda (IRPF) dun fillo ou filla a cargo reembolsable como subvención para familias con menos ingresos que non realizan a declaración da renda.
- 18** Priorizar ás familias con fillos e fillas a cargo nas políticas activas de emprego.

4.5 EDUCACIÓN

Apoio na educación infantil de 0 a 3 anos

Organizacións internacionais coma a Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE), advirten da importancia de poder acceder á educación infantil polos efectos beneficiosos no rendemento escolar futuro e nas habilidades emocionais.

No ámbito estatal, amósase unha carencia en prazas subvencionadas na súa totalidade pola administración; soamente o 6% fronte o 44% da media en Europa.

En Galicia a taxa de escolaridade de nenos e nenas de 0 a 3 anos no curso 2017-2018 foi do 45,9%^[16], cun total de 26.454 alumnos e alumnas.

E dicir, existe unha carencia no número de prazas públicas de educación infantil do primeiro ciclo que aumente a escolarización na etapa de 0 a 3 anos, sendo as familias vulnerables a que máis sofren esta dinámica.

A Plataforma de Organización de Infancia de Galicia propón:

19 Universalizar a educación de 0 a 3 anos.

Erradicación da fenda dixital existente entre nenos, nenas e adolescentes

A raíz do peche de colexios e da implementación dunha educación formal baseada en programas tecnolóxicos, moitos nenos, nenas e adolescentes pertencentes a familias con baixos recursos ou con insuficiente capital educativo para achegar os apoios necesarios aos fillos, víronse excluídos no proxecto educativo incrementándose a brecha educativa e dixital existente.

Un dos colectivos que máis sufriu a fenda dixital é a poboación xitana. Segundo datos da enquisa realizada durante o confinamento pola Fundación Secretariado Xitano ás familias, só un tercio dos nenos e nenas entrevistados en idade escolar tiña computador ou tablet, máis do 40% tiña acceso a internet limitado (datos móbiles) e o 54% do alumnado manifestaba non ter apoio na casa para que lle axuden coas tarefas escolares.

[16] El País. *El 62% de los menores de tres años no están escolarizados en España*. Basado en datos do Ministerio de Educación e INE (2018) https://elpais.com/sociedad/2018/10/12/actualidad/1539360565_077095.html

É dicir, o corte da docencia presencial e as novas modalidades tecnolóxicas educativas durante a crise, amosou a fenda tecnolóxica existente entre os nenos, nenas e adolescentes máis vulnerables.

A Plataforma de Organización de Infancia de Galicia propón:

20

Acceso á tecnoloxías que permitan o acceso equitativo á educación igualitaria.

Eliminación da desigualdade como medida para facer fronte ao abandono e ao fracaso escolar

A taxa de abandono escolar en España, continúa a ser unha das máis altas do continente. Tendo en conta datos do ano 2018, a taxa de abandono escolar temperá [17] sitúase nun 17,9% mentres que a media europea é dun 10,6%. Estes porcentaxes duplícanse cando falamos de nenos e nenas migrantes e increméntase exponencialmente na etnia xitana, sendo unicamente o 17% [18] as persoas que completaron a E.S.O. fronte o 80% da poboación xeral.

Estes datos constatan que os nenos e nenas que residen en fogares con menores ingresos, teñen moitas máis posibilidades de sufrir o abandono escolar temperán.

No caso de Galicia o abandono temperán atópase no 14,3% [19], sendo a sexta comunidade do estado con menor deserción. Sen embargo, está moi lonxe do 10% ao que aspira a Unión Europea para o ano 2021[20].

En referencia ao fracaso escolar, Galicia no curso 2016-2017 tivo un porcentaxe de media de repetición na Educación Primaria do 2,4% [21], moi similar á media de España (2,5%), mentres que na Educación Secundaria Obrigatoria (E.S.O.) foi de 9,6%, superando á media estatal (8,7%).

Se falamos da inversión pública por alumno nos centros públicos en ensinanzas non universitarias en Galicia, no ano 2011 descendeu de 7.125 euros a 6.598 euros no 2016. A raíz destes datos, precísase un incremento da inversión por alumno que mellore o nivel educativo da poboación, reduza o abandono e facilite a transición ás etapas post obrigatorias.

[17] Taxa de abandono temperán fai referencia á porcentaxe de persoas de 18 a 24 anos que teñen como nivel máximo de estudos a educación secundaria, primeira etapa, ou anteriores niveis educativos, e que non seguen ningún tipo de educación ou formación.

[18] Secretariado Gitano. *Estudio comparado sobre a situación da poboación en España en relación ao emprego e a pobreza* (2018) Visto en: <https://www.gitanos.org/actualidad/archivo/129382.html>

[19] INE – Enquisa Condicións de Vida; EUROSTAT - EU-SILC. Seguindo o indicador AROPE. *Infancia en Datos*. Ministerio de Dereitos Sociais. Datos: 2018. Visto en: www.infanciaendatos.es/datos/graficos.htm?area=galicia

21 **Elaboración e políticas educativas con enfoque de equidade que axuden a reducir e a previr o fracaso e o abandono escolar**, facendo fincapé nos sectores máis vulnerables da infancia e adolescencia.

22 **Plan de choque para combater o fracaso escolar**, mediante medidas de orientación, de apoio e de reforzo educativo adaptadas ás necesidades do alumnado máis vulnerable, garantindo que rematan, a lo menos, a educación secundaria obrigatoria.

Mellora na calidade da educación

Nos últimos anos asistimos a un deterioro na calidade da educación formal, incrementada coa actual crise sanitaria. A insuficiencia no material escolar, o aumento da cociente de nenos e nenas por clase, o incremento do custo dos libros e do comedor escolar, xa incitaran a unha diminución na súa calidade; a non gratuidade da educación condenaba á desigualdade no seu acceso.

Durante a etapa de confinamento, os nenos, nenas e adolescentes tiveron que apoiarse nas súas familias para obter os apoios educativos precisos para facer fronte a nova modalidade educativa. Moitos careceron dos apoios e orientacións necesarias ao tratarse de familias con baixo capital educativo. A isto débese sumar a precariedade a que tiveron que facer fronte en moitos casos a infancia e adolescencia máis vulnerable, ao residir en infravivendas; moitos nenos, nenas e adolescentes carecían dun espazo onde estudar ou realizar as súas tarefas. Trátase de non limitar as oportunidades educativas en función da situación socioeconómica das familias.

Adicionalmente, moitos profesores non dispoñían da formación precisa para afrontar os cambios necesarios na educación; víronse sen a formación precisa para levar a cabo o curso escolar.

O Comité sobre os Dereitos do Neno (2018) insta ao estado a garantir o acceso a ensinanza obrigatoria de boa calidade para todos os nenos e nenas, o que inclúe sufragar os custos indirectos conexos. Ademais, insta a reforzar as medidas encamiñadas a incrementar en todas as comunidades autónomas o acceso ás prazas escolares.

[20] A Voz de Galicia. Galicia reduce el abandono temprano, pero no a ritmo que otras comunidades (28-01-2020) Visto en: <https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/educacion/2019/01/31/galicia-reduce-abandono-escolar-temprano-ritmo-comunidades/00031548937510905711150.htm>

[21] Ministerio de Educación e Formación Profesional, Sistema Estatal de Indicadores de la Educación 2019. Visto en: <http://www.educacionyfp.gob.es/dam/jcr:627dc544-8413-4df1-ae46-558237bf6829/seie-2019.pdf>

A Plataforma de Organización de Infancia de Galicia propón:

- 23 Apostar por servizos educativos de calidade **incrementando o porcentaxe da inversión autonómica destinada á educación e reforzando as medidas de compensación e apoio educativo para familias con menores recursos** (libros, material escolar, comedor, actividades complementarias, etc.).
- 24 Adoptar **medidas de apoio ao profesorado** de maneira que o persoal docente conte con recursos e formacións suficientes para garantir a calidade de ensinanza no contexto de emerxencia sanitaria.
- 25 Garantir no ámbito educativo o **acceso dos nenos e nenas a asistir a actividades** extraescolares e deportivas.

4.6 SISTEMA DE COIDADOS

Avanzar cara un sistema que facilite os coidados

O peche dos centros escolares durante o confinamento supuxo para moitas familias unha carga excesiva ó ter que facerse cargo do coidado dos fillos e das fillas e traballar. Esta situación derivada da crise sanitaria deixou ver a fragilidade do noso sistema de coidados.

Cremos que é necesario para unha sociedade do benestar e que pensa na infancia, axustar os tempos de coidados parentais cos tempos de coidados substitutivos, que permitan o dereito das crianzas a ser coidadas polos seus proxenitores e que estes, á súa vez, poidan levar a cabo a súa faceta profesional e laboral.

A Plataforma de Organización de Infancia de Galicia propón:

- 26 **Axudas económicas que compensen as reducións de xornada para coidado** dos fillos e das fillas, premiando se son igualitarias cando existan dous proxenitores.
- 27 **Incrementar as “casas niño” a núcleos de máis de 5.000 habitantes**, para que sexan unha opción de coidados substitutivos para un maior número de familias galegas.
- 28 **Flexibilización, redución de xornada e fomento do teletraballo** para poder conciliar o traballo coas tarefas de coidado.
- 29 **Reducións de xornadas/permisos retribuídos para fogares vulnerables.**

30 Aumentar os permisos de maternidade e paternidade e os permisos parentais facilitando a vinculación familiar nos 3 primeiros anos.

31 Medidas económicas para facilitar a conciliación familiar e laboral a nivel xeral.

4.7 ATENCIÓN TEMPERÁ

Accesibilidade á Atención Temperá

Na actualidade temos en Galicia 11.200 crianzas que precisarían apoio no seu desenvolvemento persoal por razón de discapacidade, prematuridade, desigualdade, desorientación ou estrés sociofamiliar. A maioría destes nenos e nenas aínda non o reciben.

Galicia inviste en Atención Temperá [22] ao redor de 3 millóns de euros, cando debería investirse cinco veces máis, ao tratarse dunha inversión que ademais de ser un dereito, é rendible en termos de retornos no ámbito da saúde física, mental, autonomía persoal, educación e inclusión social.

Precisamos unha rede de servizos que chegue aos 313 concellos de Galicia e que permita a conciliación con outros intereses do neno e da familia (domésticos, laborais, educativos e comunitarios); que fortaleza o sentimento de pertenza e a sinerxía dos recursos.

Precisamos dunha rede de servizos que dea seguridade ás familias e ás institucións. Unha rede que, xunto con outras medidas, faga de Galicia unha sociedade de vangarda e que dea o mellor de si á súa infancia.

A Plataforma de Organización de Infancia de Galicia propón:

32 Despregamento da Rede Galega de Atención Temperá ao 100% da poboación galega para que dea resposta inmediata ás necesidades transitorias ou permanentes da infancia.

[22] Rede Galega de Atención Temperá foi creada polo DECRETO 183/2013, de 5 de decembro. Visto en: https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2013/20131223/AnuncioCA05-101213-0002_es.html

4.8 PARTICIPACIÓN INFANTIL

Representación da infancia a través da súa participación

Tendo presente a aprobación e ratificación da Convención sobre os Dereitos do Neno e a participación infantil como un dos principios fundamentais da Convención, débese garantir que os nenos e nenas teñan os recursos precisos para formar un xuízo propio.

Segundo as recomendacións do Comité dos Dereitos do Neno das Nacións Unidas (2018)[23], débense respectar e escoitar as opinións da infancia e favorecer o exercicio do seu dereito a participar nas políticas que lles afectan a calquera idade e en calquera ámbito, permitíndolle elevar a súa voz de cara aos responsables políticos.

Durante a pandemia, as oportunidades para que os nenos, nenas e adolescentes participasen reducíronse considerablemente. O dereito á información tamén se veu reducido; a información dispoñible sobre a crise sanitaria non sempre se realizou cunha linguaxe comprensible e a información errónea aportada sobre a pandemia chegou a xerar estrés e inseguridades na infancia e adolescencia.

A Plataforma de Organización de Infancia de Galicia propón:

33 **Garantir e impulsar a participación dos nenos, nenas e adolescentes** en todas aquelas decisións que lles afecten, promovendo medidas en colaboración co movemento asociativo e a través da creación de estruturas adaptadas e estables para a súa participación como concellos, foros e asociacións infantil-xuvenís, comezando pola creación do Consello Autonómico de Participación.

4.9 COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO

Incremento da Axuda Oficial ao Desenvolvemento

A infancia é o momento máis propicio para quebrar o ciclo interxeracional da pobreza. A pobreza e exclusión teñen un impacto severo e amplificado na infancia, por tratarse de persoas en período de crecemento físico e cognitivo que arrastran os seus efectos ao longo das súas vidas.

Antes da crise sanitaria o 35% da poboación mundial xa vivía en pobreza ou sufría exclusión, correspondéndose máis da metade con nenos e nenas dos países en desenvolvemento.

[23] Comité dos Dereitos do Neno das Nacións Unidas (5 de marzo de 2018).

Coa expansión do COVID-19 a nivel mundial, os índices de pobreza incrementáronse de maneira exponencial, sendo os países en desenvolvemento os máis afectados a raíz da súa situación xa de por si precaria. E dicir, os problemas cos que se estaban traballando nestes países víronse agravados, en gran medida, pola debilidade das súas estruturas sanitarias e pola diminución de rendas nas familias.

Neste contexto, un incremento na inversión da Axuda Oficial ao Desenvolvemento (AOD) a través da cooperación descentralizada, contribúe a mellorar os procesos de desenvolvemento, poñendo a disposición dos países con menos recursos as capacidades e activos que de cara a súa saída da pobreza.

A Plataforma de Organización de Infancia de Galicia propón:

34 Incremento da AOD ata o 0,2% do orzamento tendo como meta o compromiso do 0,7%, de cara a mellora da equidade nos sectores máis vulnerables da sociedade e facendo fincapé nos proxectos que melloren o benestar dos nenos, nenas e adolescentes.

35 Promover accións educativas para o desenvolvemento e a cidadanía global, que promovan a construción dunha cidadanía comprometida, crítica, solidaria e que rexeite os discursos de odio, **cunha orientación estratéxica e dotación orzamentaria de alomenos o 15% da AOD.**

ANEXO I. CADRO DAS 35 PROPOSTAS POLÍTICAS PARA A INFANCIA EN GALICIA

ÁREAS		PROPOSTAS
MECANISMOS INSTITUCIONAIS	Lei de Infancia de Galicia	1. Elaboración e aprobación dunha Lei da Infancia específica en Galicia para garantir todos os dereitos dos nenos, nenas e adolescentes da nosa comunidade.
	Comisión de Infancia no Parlamento Autonómico	2. Promoción dunha Comisión de Infancia no Parlamento autonómico.
	Incremento da inversión pública e da avaliación orzamentaria pola infancia	3. Incorporación do análise en calquera proposta de nova normativa do impacto e gasto sobre os nenos, nenas e adolescentes. Unha avaliación integral e transparente sobre o gasto destinado á infancia.
		4. Incrementar a inversión destinada á infancia.
		5. Fortalecer os programas de apoio é autonomía persoal dos e das adolescentes e dos mozos e mozas cando abandonen o sistema de protección e xustiza xuvenil aos 18 anos , axudando a súa emancipación con itinerarios de formación e inserción laboral. Destinar incentivos fiscais a empresas que contraten a mozos e mozas en situación de vulnerabilidade social.

PROTECCIÓN	Mellora nos servizos de protección das persoas menores de idade	6. No caso de que o sistema de protección constate unha situación de desamparo, a medida de protección que se tome e o recurso que se decida para levalo a cabo debe respectar sempre o interese superior do menor, independentemente dos recursos dispoñibles no sistema.
		7. Apoiar a revisión dos sistemas de prevención, protección e protocolos de actuación con vistas a protexer e a previr a violencia contra os nenos, nenas e adolescentes.
		8. Garantir a calidade dos servizos de protección elixindo fórmulas de prestación dos mesmos que non se baseen en principios económicos.
SAÚDE	Reforma do sistema de saúde para a infancia	9. Reforma do sistema de saúde infantil e xuvenil , especialmente no que se refire a maior prestación de especialistas en pediatría, e recoñecemento e desenvolvemento da especialidade de psiquiatría infantil e xuvenil, garantindo a dotación de recursos específicos para infancia e mocidade con enfermidades mentais.
		10. Realización dun informe diagnóstico da situación psicolóxica post COVID-19 para identificar e potenciar a atención psicolóxica necesaria na infancia e adolescencia.
	Equidade no acceso aos servizos para todos os nenos, nenas e adolescentes	11. Garantir o acceso a sanidade dos nenos, nenas e adolescentes independentemente da súa situación administrativa.

LOITA CONTRA A POBREZA E A EXCLUSIÓN	Apoio na loita contra a pobreza e exclusión ás familias con menos ingresos con nenos, nenas e adolescentes a cargo	12. Blindar o orzamento da Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA) asegurando a súa compatibilidade e subsidiariedade co Ingreso Mínimo Vital.
		13. Posta en marcha do Plan de Choque contra a pobreza en familias monoparentais.
		14. Mellorar as condicións e ampliar ata os 18 anos a prestación económica de pagamento único por fillas e fillos en unidades familiares en situación de pobreza.
		15. Ampliar a Tarxeta Benvida ata os 7 anos para as familias con renda igual ou inferior a 22.000 euros, considerando con carácter especial ás familias monoparentais e numerosas.
		16. Impulsar políticas específicas de vivenda con familias con fillos a cargo, aumentando o acceso a vivendas públicas de baixo custe ou aluguer social.
		17. Dedución do imposto sobre a renda (IRPF) dun fillo ou filla a cargo reembolsable como subvención para familias con menos ingresos que non realizan a declaración da renda.
		18. Priorizar ás familias con fillos e fillas a cargo nas políticas activas de emprego.

EDUCACIÓN	Apoio na educación infantil de 0 a 3 anos	19. Universalizar a educación de 0 a 3 anos.
	Erradicación da fenda dixital existente entre os nenos, nenas e adolescentes	20. Acceso á tecnoloxías que permitan o acceso equitativo á educación igualitaria.
	Eliminación da desigualdade como medida para facer fronte ao abandono e ao fracaso escolar	21. Elaboración e políticas educativas con enfoque de equidade que axuden a reducir e a previr o fracaso e o abandono escolar, facendo fincapé nos sectores máis vulnerables da infancia e adolescencia.
		22. Plan de choque para combater o fracaso escolar, mediante medidas de orientación, de apoio e de reforzo educativo adaptadas ás necesidades do alumnado máis vulnerable, garantindo que rematan, a lo menos, a educación secundaria obrigatoria.
	Mellora na calidade da educación	23. Apostar por servizos educativos de calidade incrementando o porcentaxe da inversión autonómica destinada á educación e reforzando as medidas de compensación e apoio educativo para familias con menores recursos (libros, material escolar, comedor, actividades complementarias, etc.).
		24. Adoptar medidas de apoio ao profesorado de maneira que o persoal docente conte con recursos e formacións suficientes para garantir a calidade de ensinanza no contexto de emerxencia sanitaria.

		25. Garantir no ámbito educativo o acceso dos nenos e nenas a asistir a actividades extraescolares e deportivas.
AVANZAR NUN SISTEMADE COIDADOS GALEGO	Avanzar cara un sistema que facilite os coidados	26. Axudas económicas que compensen as reducións de xornada para coidado dos fillos e das fillas, premiando se son igualitarias cando existan dous proxenitores.
		27. Incrementar as “casas niño” a núcleos de máis de 5.000 habitantes, para que sexan unha opción de coidados substitutivos para un maior número de familias galegas.
		28. Flexibilización, redución de xornada e fomento do teletraballo para poder conciliar o traballo coas tarefas de coidado.
		29. Reducións de xornadas/permisos retribuídos para fogares vulnerables.
		30. Aumentar os permisos de maternidade e paternidade e os permisos parentais facilitando a vinculación familiar nos 3 primeiros anos.
		31. Medidas económicas para facilitar a conciliación familiar e laboral a nivel xeral.
ATENCIÓN TEMPERÁ	Accesibilidade á Atención Temperá	32. Despregamento da Rede Galega de Atención Temperá ao 100% da poboación galega para que dea resposta inmediata ás necesidades transitorias ou permanentes da infancia.

PARTICIPACIÓN INFANTIL	Representación da infancia a través da súa participación	33. Garantir e impulsar a participación dos nenos, nenas e adolescentes en todas aquelas decisións que lles afecten, promovendo medidas en colaboración co movemento asociativo e a través da creación de estruturas adaptadas e estables para a súa participación como concellos, foros e asociacións infantil-xuvenís, comezando pola creación do Consello Autonómico de Participación.
COOPERACIÓN E DESENVOLVEMENTO	Incremento da Axuda Oficial ao Desenvolvemento (AOD)	34. Incremento da AOD ata o 0,2% do orzamento tendo como meta o compromiso do 0,7% , de cara a mellora da equidade nos sectores máis vulnerables da sociedade e facendo fincapé nos proxectos que melloren o benestar dos nenos, nenas e adolescentes.
		35. Promover accións educativas para o desenvolvemento e a cidadanía global , que promovan a construción dunha cidadanía comprometida, crítica, solidaria e que rexeite os discursos de odio, cunha orientación estratéxica e dotación orzamentaria de alomenos o 15% da AOD.